

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES DE VALGA

ESQUEMA PLAN DE CONVIVENCIA DO IES DE VALGA

1. Xustificación.

2. Observatorio da Convivencia do Centro:

2.1 Composición

2.2 Funcións

2.3 Comisión Permanente

2.4 Profesorado Dinamizador Do Plan Convivencia

3. Documentos que deben interrelacionarse co Plan de Convivencia.

4. Contextualización e Avaliación Inicial:

4.1 Análise conceptual

4.2 Análise das distintas causas de alteración da convivencia

4.3 A prevención dos conflitos

4.4 O estilo educativo que promove o plan de convivencia

4.5 As normas de aula e o papel do alumnado e do profesorado

5. Plan de Actuación:

5.1 Obxectivos

5.2 Accións: centro, alumnado, profesorado, familias

5.3 Análise das medidas que se toman no centro para a mellora da convivencia.

6. Protocolos

6.1 Malos tratos entre iguais e acoso escolar.

7. Seguimento e avaliación

8. Conclusións e propostas de mellora

1. XUSTIFICACIÓN

A actividade do IES de VALGA céntrase na educación dos alumnos a través do proceso de "ensino-aprendizaxe". Este obxectivo demanda un ambiente de traballo ordenado, coherente e coordinado, e o esforzo intelixente de todos; a disciplina e a conciencia de perseguir un obxectivo común son condicións ineludibles para a aprendizaxe. Por outra banda, un clima ordenado non se logra sen a conxunción de esforzos cara a certos valores e o respecto de determinadas normas consensuadas por todos. A convivencia é, polo tanto, a condición básica da disciplina, como esta o é da aprendizaxe.

O Plan de Convivencia atenderá a regular as relacións entre todos os elementos da comunidade educativa: alumnos, profesores, pais e persoal non docente.

A suma de **VALORES** que haberán de poseer estas relacións baséanse nos seguintes conceptos:

- Ensinanza para a vida en sociedade, insertada nas necesidades do medio máis próximo, pero que atenda á universalidade.
- Ensinanza en valores, na que se aprenda convivindo de maneira responsables, solidaria e libremente que axuden a resolver os conflitos mediante a cooperación.
- Ensinanza democrática, na que todos e todas desexemos e poidamos participar co interese que a nosa actividade merece xestionándoa democraticamente.
- Ensinanza sen exclusións, que intente obter o mellor e o máximo nivel posible de todas as persoas que participamos no proceso.

Ademais están sinalados como **OBXECTIVOS XERAIS** a conseguir:

- Mellorar a convivencia entre o alumnado e entre o alumando e o persoal docente e non docente.
- Promover a relación de igualdade entre mulleres e homes.
- Previr comportamentos disruptivos e de acoso entre iguais.
- Atender á diversidade.
- Implicar aos distintos sectores da comunidade educativa.
- Promover os dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa
- Desenvolver as normas e procedementos de resolución de conflitos.
- Preparación para participar na vida social e cultural.
- Formar para a paz, a cooperación e a solidariedade entre persoas e pobos.

Consideramos que a convivir apréndese interactuando, **FOMENTANDO** boas relacións interpersoais, e o autoconceito positivo desde o autocoñecemento, a participación, o diálogo, a escoita activa, e a asunción de responsabilidades.

Para facer o sinalado **DEBEMOS APRENDER** a:

- Desenvolver o autocoñecemento e a autoestima e fomentando a autonomía.
- Respectarse.

- Relacionarse cos demais con piares nas seguintes actitudes: Aceptar o diferente, ser empático, aceptar as normas, ser tolerantes e dialogar, compartir, traballar en grupo.
- Solucionar os conflitos pacificamente.
- Participar fomentando a crítica construtiva, tomando decisións e consensuando, adquirindo compromisos.

Co presente plan de convivencia preténdese elaborar un documento que nos permita ter como referencia a disciplina, no seu sentido máis positivo, o respecto ás normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por toda a comunidade educativa na aula, no centro ou en calquera actividade complementaria ou extraescolar, e que a propia autodisciplina guíe a nosa vida en xeral.

Por outra banda, asumimos como obxectivos xerais dirixidos ao alumnado os seguintes:

- O uso do **diálogo**, dado que o alumnado ten os seus propios puntos de vista que enriquecen o proceso educativo e que deben ser escoitados e contrastados.
- A posta en práctica da **aprendizaxe cooperativa**, fronte á competitividade á individualista.
- A **xestión alternativa** de problemas, para o que é preciso crear o clima, definir e discutir o problema, explorar solucións alternativas...
- A **afirmación da dignidade das persoas**, favorecendo a súa autoestima e a autoconfianza.
- O **establecemento de normas** no marco dunha democracia participativa, escoitando as opinións dos alumnos e das alumnas naqueles puntos que lles atinxen.
- A **actitude aberta e empática ante o alumnado**, tratando de facer un esforzo por ver os asuntos dende a súa perspectiva.
- A **eliminación da agresividade** destrutiva.
- O **afrontamento positivo do conflito**, tomándoo coma unha oportunidade para educar e para conseguir que os alumnos e as alumnas melloren as súas capacidades persoais e sociais.
- A **implicación das partes** na xestión do conflito, coma o mellor camiño para resolvelo realmente.
- O **rexeitamento da exclusión**, o medo, as ameazas, a submisión, a ridiculización ou a humillación, o silencio como norma constante, o dominio, a indiferenza no trato interpersoal, o derrotismo, a competitividade interpersoal.

LEXISLACIÓN.

O marco lexislativo que regula os aspectos máis básicos relacionados co Plan De Convivencia aparecen recollidos nas seguintes leis:


[LEI 27/2005](#), do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura da paz (B.O.E. 287 do 01/12/2005).


[LEI ORGÁNICA 2/2006](#), do 3 de maio, de educación (B.O.E. 141 de 04/05/2006)


[Decreto 85/2007](#), do 12 de abril, polo que regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG do martes 8 de maio).


[Instrucións](#) sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos centros educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia.


Ademais, para a elaboración deste Plan de Convivencia tivéronse en conta os **Estatutos Europeos Para Os Centros Educativos Democraticos Sen Violencia**, que di nos seus puntos:


 Todos os membros da comunidade educativa teñen dereito a un centro seguro e sen conflitos.


 Todos teñen dereito a ser tratados e respectado por igual con independencia das súas características persoais (sexo, raza, relixión...). Todos gozan de liberdade de expresión sen risco de discriminación ou represión.

 A comunidade educativa debe garantir que todos os seus membros coñezan os seus dereitos e responsabilidades.

 Cada centro posúe un órgano de toma de decisións elixido democraticamente e composto por representantes dos estudantes, profesores, pais e outros membros da comunidade educativa, segundo proceda. Todos os membros deste órgano teñen dereito a voto.

 Nun centro, os conflitos son resoltos en estreita colaboración con todos os membros da comunidade educativa, dun xeito construtivo e sen violencia.

 Todo caso de violencia debe ser investigado e tratado coa maior prontitude posible e é examinado con detemento.

 O centro educativo forma parte da comunidade local. A cooperación e o intercambio de información con outras entidades locais son esenciais para a prevención e a resolución dos problemas.

(Pódense consultar memoranda, exemplos e explicacións destes estatutos en <http://www.coe.int/>)

2. OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

2.1. Composición.

No IES existirá un Observatorio da Convivencia que terá como función específica a coordinación das actuacións conxuntas relacionadas coa mellora da convivencia n propio centro.

Estará formado polos seguintes **membros**:

- Director/a.
- Xefe/a de estudos.
- Persoa orientadora do centro.
- Representante do alumnado.
- Representante pai e nais.
- Representante do persoal non docente.
- Representantes do profesorado (3 profesores/as).
- Representante do concello de Valga.

Poderán participar tamén calquera profesor/a e os/as profesores/as tutores/as segundo o tema que se analice. Así mesmo o poderán facer todos aqueles que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar, como, por exemplo, profesionais da sanidade, dos servizos sociais e das asociacións pertinentes.

2.2. Funcións.

As funcións que deberá asumir o Observatorio de Convivencia son:

- Dinamizar o plan de convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar de todo o referente ao tratamento da convivencia do centro e para levar a cabo os labores de difusión, seguimento e avaliación do plan de convivencia.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.
- Aqueloutras que a propia Administración ou o Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial lle poidan encomendar.

2.3. Comisión Permanente.

Constituirase unha comisión permanente dentro do Observatorio da Convivencia para que sexa máis operativo, formada por un representante do profesorado, dos pais/nais, do alumnado e do equipo directivo, que se reunirá unha vez ao mes en período non lectivo.

As **funcións** que desenvolverá esta comisión son:

- Análise da convivencia no centro durante o mes.
- Suxerir e axudar á toma de decisións sobre correccións en condutas graves.
- Estudar os posibles atenuantes ou agravantes en determinadas condutas.

2.4. Profesorado Dinamizador Do Plan Convivencia.

Cada curso escolar o centro disporá dun profesor ou dunha profesora elixido/a pola dirección do centro que se encargará de dinamizar a convivencia, tendo no seu horario unha dedicación mínima de tres períodos lectivos semanais a esa labor. A dirección designará a esa persoa por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria. Actuará baixo a coordinación da xefatura de estudos.

A persoa dinamizadora da convivencia coordinará a mellora do clima escolar, a través da función titorial e proponendo accións cooperativas. Asesorará o resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula, que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

Realizará as seguinte funcións en colaboración coas persoas implicadas:

- Seleccionar aqueles ámbitos do Plan de Acción Titorial (P.A.T.) que máis inciden na convivencia e revisar a súa adecuación.
- Velar pola incorporación e tratamento no P.A.T. de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e dinámicas de grupo.
- Colaborar na dinamización do plan de convivencia xunto co Observatorio da Convivencia do centro.
- Formar parte do Observatorio da Convivencia do centro.
- Coordinar actuacións no centro, a realizar desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, de negociación e diálogo e de cultura de paz.
- Colaborar co departamento de orientación no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores da detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Realizar un informe trimestral, logo das sesións de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática.

- Valorar as posibilidades de colaboración con organizacións, institucións e colectivos do contorno que poidan completar e reforzar o traballo de centro.

3. DOCUMENTOS QUE DEBEN INTERRELACIONARSE CO PLAN DE CONVIVENCIA.

- O proxecto Educativo (PE)
- O regulamento de Réxime Interior (RRI)
- O plan de Acción Titorial (PAT)
- Dende o punto de vista da promoción e regulación da convivencia nos centros, os obxectivos fundamentais, de cara ao contido desta documentación institucional, son:
 1. Que recollan e promovan a cultura da resolución positiva de conflitos.
 2. Que desenvolvan os procedementos a seguir, tanto para a promoción do clima de convivencia, coma para a resolución de problemas que irán aparecendo.

O Proxecto Educativo recollerá [Artigo 121 LOE]:

- Os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación.
- A concreción dos currículos establecidos pola Administración Educativa que corresponde fixar e aprobar ao Claustro.
- O tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outros ensinós
- A forma de atención á diversidade do alumnado e acción tutorial.
- O plan de convivencia
- O Plan de normalización lingüística
- O Regulamento de réxime interno
- O Plan de acollida
- O Plan de coidado do contorno
- O Plan de mediación

O regulamento de Réxime Interior recollerá as normas e as instrucións que regulan a organización e o funcionamento do centro educativo.

É o “código de normas do centro”, que facilitará a fluidez de todas as actuacións

que se produzan nos diferentes ámbitos e contextos. Estará incluído no Proxecto Educativo de Centro e consta dos seguintes elementos fundamentais :

- Composición e funcionamento dos distintos órganos de goberno e de xestión do centro.
- Funcionamento dos mesmos: membros, constitución, sistemas de convocatoria, procedementos...
- Dereitos e deberes dos distintos colectivos que compoñen a comunidade escolar.
- Recursos: uso de espazos, sistema de saídas, actividades extraescolares, acceso ao material...
- Normas para a convivencia

As normas do Regulamento de Réxime Interior deberán adecuar a súa base legal aos seguintes documentos:

- **Lei de convivencia:** Pendiente su aprobación
- **Decreto sobre a autonomía de xestión.** Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios. ([Ligazón](#))
- **R.O.C. Institutos de Educación Secundaria.** Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES (Decreto 324/1996). ([Ligazón](#))
- **Orde que regula a organización dos IES.** Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES. ([Ligazón](#))
- **Atención á diversidade** Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para alumnado de ESO [Ligazón](#)
- **Elección de horarios do profesorado. IES:** ([Ligazón](#))
- **Xornada Laboral.** Orde do 1 de setembro de 1987 pola que se adecúa a xornada de traballo dos funcionarios docentes. ([Ligazón](#))

O Regulamento de Réxime Interior debe recoller a cultura de resolución positiva dos conflitos e regular con claridade tanto as estruturas e servizos especificamente pensados para o fomento da convivencia e a resolución de conflitos (Observatorio da convivencia, Comisión de Convivencia, Servizo de Mediación...), coma aqueles outros máis xerais pero con responsabilidade directa nestes ámbitos (Consello Escolar, Equipo Directivo, Claustro de Profesores, Tutorías, Departamento de Orientación...).

A **Acción Titorial** é a actividade docente máis especificamente indicada para traballar co alumnado a convivencia escolar e a resolución de conflitos, sen por iso esquecer que esa tarefa é responsabilidade de toda a comunidade educativa e que debe

estar presente no conxunto da vida escolar. Polo tanto, é preciso contar cun **Plan de Acción Tutorial** que guíe a acción de todos os docentes do noso centro nas tarefas tutoriais e que preste especial interese á promoción da convivencia e ao tratamento dos conflitos interpersoais. **O titor será o encargado de coordinar e consensuar as normas de convivencia da aula.**

4. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL

4.1. Análise conceptual

Estamos acostumados a que cando se utiliza o termo convivencia en verdade facemos referencia aos problemas relacionados con ela. Unhas veces refírese á disciplina, entendida no senso máis tradicional; outras veces ás condutas disruptivas ou violentas. No mellor dos casos fálase de convivencia como o conxunto de medidas necesarias para evitar o maltrato entre iguais, evitar as condutas inadecuadas, incrementar o rendemento académico... Resumindo, a idea que se manexa habitualmente é que a convivencia non é un fin en si mesma senón un medio para case todo.

Sen embargo, é todo o contrario. A convivencia harmónica entre as persoas é unha das finalidades da educación e, como tal, na medida na que se incrementa este tipo de convivencia, vanse solucionando ou minimizando outros problemas existentes nos centros educativos.

O sistema educativo ten aquí un reto importante: a formación de persoas capaces de afrontar creativa e positivamente os desafíos actuais como a violencia, a globalización, a tendencia o pensamento único, o fenómeno da interculturalidade ou os graves desequilibrios que sofren as sociedades hoxe.

Neste centro pensamos que non se pode abordar con éxito o tema da convivencia sen ter en conta e modificar aspectos tan importantes e sensibles como a organización do centro, o seu estilo docente, o currículo, a metodoloxía, a avaliación, o clima escolar e os niveis de participación do alumnado e das familias.

En primeiro lugar, deberíamos consensuar e definir certos conceptos relacionados coa convivencia escolar porque as veces utilizamos diferentes denominacións para un mesmo feito ou unha mesma palabra para describir feitos distintos.

CONVIVENCIA

Convivencia é a arte de vivir en paz e harmonía coas persoas e o medio que nos rodea, baseado no exercicio da liberdade, da responsabilidade e do respecto á diversidade. A convivencia é un intento de equilibrio entre o individual e o colectivo, entre os desexos persoais e as normas sociais.

CONFLITO

O conflito é o resultado do exercicio da propia liberdade. Xurde das diferenzas de criterios, de aspiracións, desexos e intereses contrapostos entre as persoas. Non se trata de fuxir del nin de negalo senón de integralo como parte da convivencia e aprender a

resolvelo pacificamente.

DISCIPLINA

A disciplina refírese a un conxunto de normas e procedementos que ten o valor de favorecer o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a consecución dos obxectivos educativos, é dicir, unha proposta organizativa e de planificación que facilita a prevención da violencia e a resolución de conflitos. En definitiva, insistir na disciplina fai referencia ao respecto ás normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todos os sectores implicados, sexa na aula ou no centro.

VIOLENCIA

A violencia é o uso deshonesto, prepotente e oportunista do poder para infrinxir dano físico, verbal ou psicolóxico. A violencia pode ser directa, cando se percibe facilmente como tal: unha agresión, unha violación, un acto terrorista, a guerra... Pode ser estrutural, máis opaca, menos perceptible: a ausencia de normas, as normas arbitrarias, a pobreza, a exclusión social... E tamén pode ser simbólica ou virtual, é dicir, aqueles comportamentos, actitudes e contravalores transmitidos polos medios de comunicación que banalizan a violencia, que a naturalizan e fan a poboación menos sensible coa dor e o sufrimento alleo. Fálase, igualmente, da violencia doméstica para referirse á que ten o fogar como ámbito de actuación, como sucede co maltrato infantil, a violencia dos fillos e fillas para cos pais e as nais ou a violencia de xénero.

AGRESIVIDADE

A agresividade é unha reacción natural e innata que consiste nunha activación do estado de alerta diante dun perigo real ou ficticio. É unha forma de relacionarse co ambiente, non sempre é negativa e non se pode confundir coa agresión, máis preto do concepto de violencia.

CONDUTAS DISRUPTIVAS

Son condutas inapropiadas que alteran o proceso de ensinanza-aprendizaxe e supoñen unha dificultade de ensinar por parte do profesorado e unha dificultade de aprender por parte do alumnado.

Poden estar relacionadas co currículo (falla de hábitos de traballo, non realización dos deberes, despreocupación polo material, falta de interese, pasividade ou inactividade na aula), cos compañeiros (mentir ou falsear a realidade, mostrar incapacidade para o diálogo, interromper aos demais, etc.), co profesorado (mentir, falar ou xogar cando o profesor está falando, levantarse ou recoller sen permiso do profesor) ou en relación co centro (chegar tarde, non aceptar as normas, deambular polo centro).

CONDUTAS VIOLENTAS

As condutas violentas pódense dirixir ás cousas, no caso do vandalismo, ou ás persoas no caso do bullying.

Fálase de vandalismo cando se observan comportamentos ou actitudes de destrución e devastación no mobiliario, edificios ou recursos materiais dun centro, por exemplo: pintar pupitres, portas ou paredes, romper cristais intencionadamente ou

estragar o material educativo de uso común.

Cando se fai referencia a situacións reiteradas, dilatadas no tempo, de intimidación, ameaza, agresión ou abuso, que sofre unha persoa como consecuencia da acción doutra persoa ou dun grupo, falamos de bullying, matonismo ou maltrato entre iguais. Na relación entre vítima e agresor existe sempre un desequilibrio de forzas.

O maltrato entre iguais pode ser físico (empurróns, agachar ou roubar cousas), verbal (poñer alcumes, falar mal, mensaxes ao móbil) ou relacional (exclusión deliberada do grupo).

As condutas violentas non son innatas, son o resultado dunha longa e continua aprendizaxe no seo da familia e da sociedade en xeral. Non podemos ver a convivencia como un problema senón como unha oportunidade de “desaprender” ditas condutas e construír unha cultura de paz unida á vivencia do respecto aos dereitos humanos e fundamentada na xustiza, na solidariedade e na tolerancia ás diferenzas..

DEFINICIÓN DE VALORES

Os valores son características morais que toda persoa posúe. Estes están interiorizados e determinan en gran medida a súa personalidade e orientan a súa conduta.

Debemos ter como meta e obxectivo o conseguir que o noso profesorado alumnado e persoal non docente se guíe polos valores que posibilitan o exercicio activo da cidadanía activa e democrática e UNHA BOA CONVIVENCIA, tales como:

- **A XUSTIZA:** É a vontade constante de dar a cada un o que é seu, o que lle pertence sobre a base do seu esforzo e os seus dereitos. No ámbito educativo consiste en tratar a todo o alumnado con criterios de equidade, sen prexuízos e sen exclusións, respectando a diferenza.
- **A LIBERDADE:** é un valor que designa a facultade do ser humano que lle permite decidir, levar a cabo ou non unha determinada acción segundo a súa intelixencia ou vontade.
- **A RESPONSABILIDADE:** é un valor que se exerce cando cada persoa ofrece unha actitude adecuada para solucionar as tarefas que lle corresponden. No seu sentido máis profundo asóciase tamén co respecto aos compromisos que contraemos cos demais. Unha persoa responsable ten unha actitude de estima e respecto para coa súa propia persoa e achega eses mesmos valores ás tarefas nas que participa.
- **A IGUALDADE:** é un valor que representa a defensa e respecto dos mesmos dereitos e oportunidades para todas as persoas, sen ningún tipo de discriminación.
- **A SOLIDARIEDADE:** é un valor que consiste na axuda e cooperación mutua e desinteresada, que debe existir entre as persoas, non porque coñezan ou sexan os nosos amigos, simplemente porque todos temos o deber de axudar ao próximo e o dereito a recibir a axuda dos nosos semellantes.

- **RESPECTO:** é o valor que faculta ao ser humano para o recoñecemento, aprecio e valoración das calidades dos demais, persoas, animais ou cousas, sen o uso dos prexuízos.
- **A TOLERANCIA:** é unha actitude persoal de respecto ante o que é diferente aos propios valores morais, cultura e/ou xénero. A tolerancia debe ser crítica cando a diferenza se ampara en valores contrarios aos dereitos humanos.
- **A PAZ:** designa un estado interior, exento de violencia, odio e máis xeralmente de sentimentos negativos.
- **DIÁLOGO:** é unha conversación entre dúas ou máis persoas, mediante a cal se intercambia información e se comunican pensamentos, sentimentos e desexos. No ámbito educativo é moi importante como método para resolver os conflitos. É necesario saber escoitar e defender con argumentos as propias propostas. Nel interveñen os xestos, a entoación e a actitude. Este valor permite nos ámbitos familiares e educativos intercambiar ideas, opinións e escoitar as razóns do outro. Tamén, pon de manifesto que unha persoa non posúe toda a verdade e que non todos pensan o mesmo
- **A PARTICIPACIÓN:** é un valor que nos permite exercer os nosos dereitos, expresar as nosas opinións e defendemos os nosos ideais. A participación dos escolares debe ser estimulada, e iso require unha disposición a compartir poder de decisión, e a soportar os erros e contraindicacións da participación en aras da crenza no seu valor formativo. A participación creativa dos alumnos no centro, as súas deliberacións e adopción de resolucións é un exercicio moi valioso para formar a súa conciencia, así como para descubrir a dependencia e conexión desta coa comunidade social. A conduta participativa na escola é un valor moral de seu porque entraña ocuparse do que é común como cousa propia e porque esixe a acción cooperativa cos demais para o logro de bens colectivos.
- **A AUTOESTIMA:** a nivel social representa os sentimentos que unha persoa ten acerca de si mesmo na súa relación coas demais persoas. A nivel académico é a avaliación que o alumno/a fai de si mesmo en canto á satisfacción do seu rendemento e aceptación por parte das demais persoas.
- **A EMPATÍA:** é un valor que consiste en recoñecer as emocións alleas, as dos compañeiros e compañeiras, as do alumnado. Consiste en ser capaz de poñerse na pel da outra persoa e sintonizar especialmente coas súas emocións, aínda que non se manifesten claramente.
- **A AUTONOMÍA:** representa un conxunto de capacidades prácticas que permiten que o alumnado se prepare para a vida, atope recursos para afrontar as situacións de cada día. A pesar de que consideramos a autonomía como un valor eminentemente individual, ten un gran transcendencia social, na medida que implica comportamentos libres e responsables. Representa tamén a capacidade de ter e manter un criterio propio impermeable a presións externas.

- **A DIGNIDADE:** é un valor interno da persoa derivado dunha serie de trazos de identificación que a fan única e irrepetible. A persoa ten un dinamismo interior que a impulsa a rexeitar o ser tratada como un obxecto, como un mero medio e non como un fin. A persoa desexa, desde o máis profundo do seu ser, ser tratada como persoa, como un fin en si mesma. Recoñecer a dignidade do ser humano é recoñecer ese valor igual e supremo a todos e cada un dos seres humanos. Sobre a base da dignidade, recoñécenselle certos dereitos básicos e fundamentais como o dereito á vida, á subsistencia, á liberdade....

DEFINICIÓN DE CONFLITOS

As condutas disruptivas constitúen un conxunto de condutas inapropiadas do alumnado dentro das aulas (levantarse a destempo, falar durante as explicacións, non atender nin deixar atender aos compañeiros/as, etc.) con **efectos negativos para o desenvolvemento normal das clases**. Algunhas das condutas máis habituais:

v Chegar tarde á clase	v Faltar á clase
v Pedir con certa frecuencia saír ao servizo	v Pintar nas mesas ou paredes
v Tirar cousas pola clase	v Pintar no caderno ou no libro
v Consumir algún tipo de comida ou bebida	v Desordenar mobiliario
v Brincar	v Emitir ruídos ou berros na clase
v Non traer os deberes feitos	v Saír ou entrar desordenadamente
v Non traer o material escolar necesario: libros, cadernos, bolígrafo, e roupa e calzado deportivo, no caso da clase de Educación física.	v Negarse a facer as tarefas de clase
v Non acatar as ordes do profesorado	v Falta de interese, pasividade ou inactividade
v Gardar as cousas antes de tempo sen permiso.	v Falar cando está falando o profesorado
v Xestos, ruídos ou actos improcedentes	v Levantarse do sitio sen permiso
v Abandonar a clase sen permiso	v Faltarlle ao respecto a algún profesor/a, compañeiro/a
v Ignorar as indicacións do profesor ou do persoal	v Falar ou rir de forma continuada
v Perturbar a orde en calquera momento sen clase	v Uso de móbil, MP3 ou similares
	v Dirixirse de forma insolente ou maleducada
	v Non facer os deberes escolares
	v Dedicarse a materias alleas á clase

v Producir expresións, ruídos ou actos groseiros	v Participar na decisión colectiva de faltar a clase v Uso do teléfono móbil dentro do Instituto
--	---

As **Conductas Violentas** ou agresivas, son aquelas, máis graves, que producen un dano físico, verbal ou psicolóxico a outra persoa ou que provocan graves conflitos de convivencia ou vandalismo, de xeito intencionado nuns casos e instintivo noutros.

Algunhas das condutas violentas ou agresivas máis habituais:

v Falta de respecto ao profesor ou do persoal v Ofender verbalmente ou con accións v Proferir ameazas v Usar con negligencia ou maltratar as instalacións v Furtar material do centro v Maltratar ou deteriorar obxectos dos compañeiros v Insultar, ameazar ou degradar a calquera membro da comunidade educativa en internet v Tráfico de sustancias prohibidas dentro do centro ou no seu entorno	v Molestar fisicamente v Participar en pelexas v Agredir fisicamente v Ensuciar ou deteriorar o material ou as instalacións v Usar sen permiso obxectos dos compañeiros v Furtar obxectos dos compañeiros v Uso indebido da imaxe allea en internet v Captar imaxes ou vídeos dixitais doutras persoas sen o seu consentimento v Consumo de alcohol, estupefacientes ou calquera outra sustancia prohibida
---	--

Tamén se consideran **condutas violentas moi graves**:

O COMPORTAMENTO BULLYING.

O termo bullying procede do inglés e podería traducirse como “intimidación”, pero, expresado de forma coloquial, cabería traducilo por “matón/a”, “abusón/a” ou “chulo/a” (Informe do Defensor do Pobo, 2000).

Segundo algúns autores o “Bullying” pode definirse coma a “violencia mantida, mental ou física, guiada por un individuo ou por un grupo e dirixida contra outro individuo que non é capaz de defenderse a si mesmo nesa situación e que se desenvolve no ámbito escolar”. Trátase dun maltrato entre iguais porque supón unha agresión reiterada cara unha persoa de menor status de poder. Este maltrato pode adoptar diferentes formas:

- Agresión física: atacar fisicamente aos demais (patadas, puñetazos...)

- Agresión verbal: motes, insultos, ameazas, intimidacións, desafíos, malas contestacións, vexacións, comentarios racistas, humillacións...
- Agresión indirecta: inducir a agredir a un terceiro,
- Agresión social: propagar rumores pexorativos, rechazo e exclusión social (ignorar, non deixar participar), sexa pola canle que sexa.

O DANO ÁS PROPIEDADES E VANDALISMO.

O vandalismo escolar é un dano intencionado e non autorizado contra as propiedades da escola, é dicir, unha hostilidade maliciosa contra o edificio escolar, o seu mobiliario e/ou o material educativo. Algúns exemplos disto poderían ser:

- Pintar portas, pupitres ou paredes con nomes, mensaxes ou debuxos.
- Romper cristais ou portas intencionadamente
- Estragar o material educativo (mapas, corpo humano, xogos de medidas, materiais de educación física...), etc.
- Tirar calquera material polas ventanas.

CONDUTA AGRESIVA ANTISOCIAL.

Trátase dun problema grave de conduta, manifestado na relación cos demais, tanto compañeiros/as coma profesores/as ou membros da familia, e caracterizado por agresividade constante, impopularidade, impulsividade, baixa conciencia moral, violación dos dereitos alleos e das normas sociais.

Este alumnado con este tipo de comportamento supón un verdadeiro problema para o calquera centro porque orixina un alto malestar entre os/as compañeiros/as e perturban o clima de clase. Ademais, a conduta agresiva antisocial é predictiva de problemas maiores coma abandono escolar, consumo de alcohol e de drogas.

Outras condutas que se consideran moi inadecuadas e, algunha delas moi graves, pois alteran o normal funcionamento da convivencia do centro, debido a que conculcan algúns dos obxectivos da convivencia, e que non entrarían nos apartados anteriores poderían ser:

v Faltar a máis de 5 clases de forma inxustificada	v Chegar con retraso máis de 3 veces
v Acceder ou permanecer en espazos non permitidos	v Saír do centro sen permiso
v Comportarse inadecuadamente en actividades complementarias ou extraescolares	v Comer ou beber en aulas espazos non habilitados
v Fumar nos espazos do centro	v Falsificar ou tratar de enganar en xustificantes e outros documentos

4.2 Análise das distintas causas de alteración da convivencia

Factores externos á institución escolar:

- A situación familiar

Desde as familias encontramos actualmente un factor importante que nos axuda a explicar o conflito que acontece no ámbito escolar. Neste contexto favorecen a conflictividade as seguintes situacións:

- A desestruturación familiar.
- A violencia familiar que os/as alumnos van interiorizando como forma de resolver conflitos
- Unha actitude familiar totalitaria
- A permisividade esaxerada, con ausencia de normas claras, coherentes e consistentes que guíen o comportamento dos menores
- A falta de afecto no fogar e a falta de atención aos/ás fillos/as
- A intolerancia e os conflitos na parella, etc., son factores que colaboran a que os/as nenos/as reciban unha educación inadecuada que, á súa vez, favorece a aparición da conflictividade.

- O contexto social

No noso centro poden existir alumnos e alumnas que teñan unha situación familiar caracterizada pola pobreza e a marxinación. Contribúen a esta situación, entre outras as seguintes situacións:

- O desemprego
- A falta de recursos económicos
- A incorporación de emigrantes en condicións inadecuadas
- A ausencia de valores claros
- O consumo de alcohol e outras drogas...

- Os medios de comunicación:

A televisión, o cine, as revistas, os vídeos, a prensa..., en xeral ofrecen:

- Unha carga significativa de violencia e agresividade, tanto física como psíquica.

- As mensaxes subliminais, contidos detrás das escenas, que son con frecuencia unha defensa descarada da forza fronte á razón, da intolerancia fronte á solidariedade.

Factores inherentes á institución escolar:

Existen tamén algunhas características que definen á escola e que favorecen conflitos. Citamos entre outras as seguintes:

- × **O deseño curricular:** a resposta educativa poidera ser non axeitada para un grupo de alumnos e alumnas que se motivan máis ante a actividade práctica, cun mínimo moi ben seleccionado de teoría e que fracasan curso tras curso no actual modelo, xa desde a súa chegada aos primeiros cursos da ESO.

- × **O cuestionamento da utilidade da escola:** instalados/as na cultura do goce do presente, lonxe da cultura do esforzo e da paciencia para recoller os froitos a longo prazo, resulta difícil conseguir que o alumnado se centre nas tarefas escolares.

- × **A descompensación das funcións da escola:** A finalidade máis importante da escola é a educación; pero, na práctica, dáselle moita maior importancia á transmisión de coñecementos. Importa moita máis que un/unha alumno/a obteña boas cualificacións nas distintas áreas que a súa formación integral ou que o seu comportamento educado.

- × **O clima da escola:** a falta de unidade e consenso en torno a implicación do profesorado, a dificultade para consensuar uns valores comúns, a disparidade de respostas na acción educativa, o énfase nunha disciplina moi autoritaria ou permisiva, a falta de atención á persoa do/a alumno/a.

- × As **relacións interpersoais:** a comunidade educativa está composta por un sistema de relacións interpersoais de distinta natureza, coa presenza dunha grande diversidade.

- × **O estilo docente:**

- × **O alumnado:** A relación profesorado- alumnado, se o/a alumno/a non asume responsabilidades no propio proceso da súa educación, se as clases son só maxistras nas que o/a alumno/a xoga o papel de receptor/a pasivo/a, se non hai comunicación fluída entre profesor/a e alumnos/as, esta situación pode ser determinante no nivel de conflictividade. Tamén a mala relación entre alumnos/as, materializada en condutas coma existencia de grupos de presión, faltas de respecto, agresións cotiás, desintegración de certas minorías..., conleva un clima escolar negativo que favorece a escalada de conflitos.

En definitiva a falta ou deterioro da motivación do alumnado de cara ao esforzo que supón o traballo intelectual da vida académica, afecta directamente, non só ao rendemento escolar, senón tamén ás relacións sociais do centro ao ser causa dun perverso sistema de culpabilidades non recoñecidas. Convértese así nunha fonte permanente de conflito.

4.3 A Prevención dos conflitos

Convivir significa vivir uns con outros sobre a base dunhas determinadas relacións sociais e a uns códigos, no marco dun contexto social determinado. Dentro desta relación debemos aceptar o feito de que os conflitos son inseparables da convivencia democrática e, nese sentido, non podemos pretender que a educación transcorra sen conflitos, nin tampouco pensar que estes resultarán necesariamente negativos.

Aprender a convivir é un dos obxectivos do noso PLAN DE CONVIVENCIA. Os conflitos poden ser útiles e valiosos se se xestionan constructivamente posto que ofrecen a todos os implicados a posibilidade de utilizar e desenvolver o seu razoamento teórico e os seus valores morais, á vez que adestran unhas relacións sociais máis satisfactorias para todos. Para diversos autores a **PREVENCIÓN DOS CONFLICTOS** consiste no desenvolvemento de habilidades e actitudes para resolver os problemas que se nos presenten xa nos seus primeiros estadios.

Para prever a violencia conflictiva no noso centro debemos considerar que é preciso levar a cabo cambios no contido, na metodoloxía do currículo e no estilo docente. Para isto debemos ter en conta: **a educación en valores, a educación intercultural, as estratexias para prever o racismo e a xenofobia, as estratexias para prever a violencia de xénero, o desenvolvemento das habilidades de comunicación** (escoita activa, fomentar a empatía, expresar os propios sentimentos, ...), **o desenvolvemento das habilidades sociais** (asertividade, axuda ao desenvolvemento da capacidade de xuízo moral, ...), **o desenvolvemento das habilidades para a resolución de conflitos** (negociación, mediación,...) **a toma de decisións, a mellora da autoestima e autoconñecemento, o desenvolvemento do autocontrol...**

Como profesionais da educación **deberemos estar formados** naqueles temas que poden axudarnos a xestionar mellor as nosas aulas e a resolver positivamente os conflitos que poidan xurdir como resultado da convivencia.

Os principais ámbitos e técnicas de formación son os seguintes:

<ul style="list-style-type: none">- A mellora e control do traballo co alumno.- A psicoloxía da adolescencia- A aprendizaxe significativa- A aprendizaxe cooperativa- As estratexias de aprendizaxe- Os estilos de aprendizaxe- As formas de motivación- As habilidades sociais- A mellora e control da propia actuación	<ul style="list-style-type: none">- Os estilos de ensino- As habilidades para o control da tensión- A atención á diversidade- As estratexias para a resolución de conflitos- O adestramento na resolución de problemas- O proceso de negociación- O uso de contratos individuais e/ou grupais- A mediación escolar
--	---

ou estratexias comunicativas - As habilidades sociais persoais	- O uso efectivo do reforzo e o castigo, etc.
---	---

4.4 O estilo educativo que promove o Plan de Convivencia

O Estilo educativo desenvolvido polo profesorado fai referencia á filosofía educativa que sigue cada docente e que condiciona a súa forma de actuar diariamente nas aulas.

Entendemos por estilo educativo o conxunto de ideas, crenzas, actitudes e hábitos de comportamento que pais/nais e profesores/as manteñen respecto á educación dos seus alumnos/as e fillos/as e que guían e condicionan a súa tarefa diaria como educadores/as.

O estilo educativo ten unhas consecuencias claras e significativas sobre a comunicación entre o/a educador/a e o educando/a, sobre o clima de convivencia que se establece, sobre a formación da personalidade global da mocidade á que impartimos docencia, e sobre a aprendizaxe do alumnado.

Os autores estudosos do tema reducen a catro os posibles estilos educativos: educación sobreprotectora, educación inhibicionista, educación punitiva e educación asertiva.

Creemos que o estilo educativo máis axeitado é o ESTILO ASERTIVO, que ten as seguintes características:

- Este tipo de educadores pensan que o alumnado:
 - Nace inexperto e ten que aprender, paso a paso, a comportarse como as persoas adultas desexan.
 - Precisa tempo e unha boa dose de esforzo para esas aprendizaxes, porque son novas e porque poden chocar cos seus gustos, desexos e necesidades.
- Con estas premisas:
 - Fixan a súa atención nos progresos e nos elementos máis positivos da conduta do alumnado.
 - Fixan os chanzos tanto do esforzo coma dos logros.
 - Castigan con firmeza e consistencia as condutas inaceptables.
 - Destacan especialmente o comportamento excepcional.
 - Ignoran pequenos fallos, imperfeccións ou deficiencias.

- Diferencian claramente entre a persoa, á que sempre aprecian, comprenden e valoran, e a conduta, que pode non ser a adecuada en certos momentos.
 - Teñen paciencia activa: confían no progreso do/a educando/a, e mentres este se produce son comprensivos coa súa imperfección.
- As consecuencias positivas do estilo asertivo para o alumnado son:
- O eloxio e o recoñecemento reforza os comportamentos adecuados do/a alumno/a, converténdoo en hábito
 - O eloxio dunhas condutas e a ignorancia doutras favorecen un excelente autoconceito e unha adecuada autoestima.
 - O/a alumno/a medra e desenvólvese con seguridade en si mesmo/a, con autonomía persoal e con interese por acadar metas maiores.
 - O eloxio, administrado en doses altas, permite unha mellor tolerancia dos castigos e recriminacións.
 - O alumnado toma decisións en función das consecuencias que espera conseguir
 - O alumnado progresa en competencia, baixo a súa propia iniciativa
 - O alumnado aprecia e respecta ao/á seu/súa educador/a.

A CONDUCTA ASERTIVA , segundo diversos autores, provoca que o alumnado consiga:

- respecto a si mesmo/a: significa concibirse a si mesmo/a coma un ser humano con enerxía limitada que precisa abastecerse e coidarse.
- respecto polos demais: require concibir aos demais como seres humanos tratados con dignidade e respecto; require empatía.
- Ser directo: Implica que as mensaxes sexan transmitidas de xeito claro, sincero e preciso.
- Ser honesto: transmitir con sinceridade os propios sentimentos, opinións e desexos.
- Ser apropiado: dicir o que debemos e queremos dicir, pero, ademais, tendo en conta o tempo e o contexto no que se produce a interacción; non responder a destempo ou fóra de lugar.
- Control emocional: non supón negar os sentimentos, senón encarrilar as emocións para que non provoquen reaccións non desexadas e negativas para a comunicación.
- Saber dicir: expresar a mensaxe desexada de xeito correcto, coa estrutura e o proceso adecuados.

- Saber escoitar: realizar un esforzo para comprender o que os demais nos queren transmitir.
- Ser positivo: recoñecer e informar aos demais que nos damos conta de que eles, igual ca nós, intentan beneficiar e axudar.

Neste contexto o PROFESORADO DEBE facer seus os seguintes valores:

- Consistencia: significa aclarar perfectamente as expectativas, as normas, as demandas, os procedementos... e mantelos; aplicalos sempre e para todos/as.
- Coherencia: a mensaxe que lle transmite ao alumnado é sempre clara, sen ambigüidades, facendo concordar o que di co que fai.
- Predictibilidade: os/as alumnos/as demandan seguridade, precisan saber en cada momento cal vai ser a postura do/a profesor/a.
- Fiabilidade: os/as alumnos/as deben poder fiarse do que di o/a profesor/a, porque están seguros/as de que actuará sobre a base dese criterio.
- Negociación: fai referencia á capacidade do/a profesor/a para dialogar e chegar a acordos co alumnado, sabendo honrar e respectar á persoa e manténdose firme nos obxectivos.
- Xustiza: sentido da equidade e do trato para todos/as baixo criterios de igualdade.

Outros aspectos útiles para o profesorado na aula:

- Exercicio de autoridade directiva por parte do profesorado, e non de autoritarismo: dar razóns e explicacións sobre as propostas, tratar de convencer e negociar máis ca de impoñer, respectar o punto de vista dos demais, empatizar co alumnado, coidar as relacións persoais dialogando sen que resten resentimentos...
- Establecemento de vínculos afectivos na relación do profesorado co alumnado: transmitir con claridade que se lles aprecia, que se está do seu lado, que lles importan moito, que se preocupa polo seu desenvolvemento e aprendizaxe...
- Atención e control dos malos tratos entre iguais (bullying), ou de actitudes de discriminación que preocupa moito ao alumnado, que pasa moi desapercibido para o profesorado e que é fonte de numerosos conflitos.
- Coidado da “ecoloxía da clase”: unha clase limpa, agradable, ordenada, ben decorada, personalizada segundo os gustos do seu alumnado... invita á tranquilidade e á calma, e prevé o vandalismo. É importante promover a participación do alumnado neste aspecto para favorecer que se sintan “orgullosos/as da súa aula”.
- Evitación, por parte do/a profesor/a, de actitudes que poden provocar, sen pretendelo, disrupción no alumnado: altibaixos emocionais, agresividade,

falta de respecto cara os/as alumnos/as, uso do sarcasmo...Trátase de ser asertivos/as na comunicación co alumnado.

- Dispensa de atención individualizada aos/ás alumnos/as con dificultades específicas de aprendizaxe ou problemas graves de conduta solicitando axuda a outros servizos (Departamento de Orientación, Equipo de Orientación Específico, servizos médicos...), se se considera necesario.

Ante o estoupido dun conflito, sexa da natureza que sexa, non existe un procedemento único e invariable para ser aplicado con garantías de éxito absoluto. Sen embargo podemos ter en conta o que segue:

- Empregar estratexias de desescalada dos conflitos: calmarse, manterse sereno/a, evitar o enfrontamento, sobre todo diante do grupo clase, non perder os papeis nin mostrar un enfado incontrolado.
- Debemos impoñer unha autoridade asertiva, mediante estratexias como apoiarse nas normas, nos dereitos dos/as demais, na tarefa...
- Emprazar ao/á alumno/a para falar con el/a fóra da aula.
- Deixarlle un respiro, un tempo para que se calme, centrando a atención noutra acción.
- Permitirlle que saia un tempo fóra da aula e que se incorpore cando estea máis calmado (aula de convivencia)
- Ofrecerlle alternativas claras para que elixa como quere resolver o problema
- En todo caso, terase moito coidado de non favorecer situacións de “ti ganas, eu perdo”, xa que, do contrario, a súa saída de ton quedaría reforzada e tendería a perpetuarse no futuro.
- Ignorar, na medida do posible, os comportamentos disruptivos de pouca intensidade (efecto extinción), para non romper constantemente o ritmo da clase, centrando rapidamente a atención na tarefa prestarlle atención ao alumno/a disruptivo/a só cando se está portando ben e empregando as estratexias de supervisión silenciosa...
- Existen moitas condutas que non poden ser ignoradas: agresións graves, insultos ofensivos e reiterados, continuos retos ás directrices do/a profesor/a, linguaxe sexista e/ou racista...
- A outra cara desta medida consiste en prestarlle atención ao alumno/a disruptivo/a só cando se está portando ben
- Facer uso, sistematicamente, dunha serie de rutinas concretas, á hora de reprender o comportamento disruptivo do/a alumnado/a:
 - Facer sempre referencia aos comportamentos, ás normas que se vulneran ou ao estado da situación, e nunca á persoa ou á personalidade do/a alumno/a. En lugar de “Xa estás facendo o vago e

molestando”, é mellor dicir, por exemplo: “Agora estamos en clases, tócanos facer o exercicio”.

- Dirixir os comentarios correctores a algún/algunha alumno/a concreto/a, e non a todos á vez
- Emitir mensaxes curtas, claras, directas, con firmeza e tranquilidade.
- Facer referencia á conduta actual que se quere corrixir e non recordar episodios anteriores (“Xa estás coma o outro día”), nin realizar comparacións con outros/as compañeiros/as ou irmáns/irmás.
- Se se optase polas medidas correctoras, presentalo coma unha consecuencia natural da conduta disruptiva (“A perda de tempo falando leva asociada a recuperación do mesmo no recreo”).
- Empregar un ton de voz medio, unha postura relaxada, sen xestos ameazantes coma sinalar co dedo.
- Empregar medidas de presión indirecta sobre os/as implicados/as: o Centrarse no líder do grupo para que exerza o seu poder sobre os demais
- Empregar a presión do grupo (“Empezamos cando XXXXX estea en silencio”).
- Evitar, na medida do posible, o castigo colectivo dunha clase ou dun grupo.

Aspectos útiles durante o desenvolvemento das tarefas na aula:

☉ Motivación:

- × Valorar as contribucións creativas e incorporalas ao grupo, se é posible.
- × Loar, retroalimentar.
- × Manter un ritmo, cambiar sen sobresaltos (as transicións son fonte de moita disrupción).
- × Non interromper o fluír das clases innecesariamente e deixar para o final as cousas que van xurdindo.
- × Axudar aos alumnos/as que o requiran.

☉ Contidos e procedementos:

- × Aclarar dúbidas, preguntar polas dificultades.
- × Non permanecer demasiado tempo nun tema. Ter preparadas tarefas a diferentes niveis e para diferentes tempos (atención á diversidade).

☉ Supervisión:

- × Non permitir que un grupo ou unha persoa monopolice a atención.

- × Aconsellar, anotar, organizar, reprender, escoitar...
- × Optimizar a situación espacial: diante, entre os pupitres, ao final, movéndose para ver as tarefas do alumnado.

⊙ Ao recoller e saír

- × Preparar e organizar o final da clase: deixar tempo.
- × Ter previsto que o alumnado máis conflictivo remate
- × a tarefa antes cós/cas outros/as.
- × Resumir o que se fixo e conectalo cos plans para o futuro.
- × Ter unhas breves palabras con aqueles alumnos/as que non colaboraron.

4.5 As normas de Aula e o papel do alumnado e do profesorado

As Medidas de mellora no grupo-clase: Se ben estas medidas se enmarcan esencialmente na Acción Titorial, é conveniente que constitúan un referente metodolóxico unificado e xeneralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contradictorios que fosen prexudiciais para a consecución das nosas metas. Entre estas medidas citamos as seguintes:

- Fomentar a aprendizaxe cooperativa.
- Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado.
- Favorecer a autoestima cando se detecten situacións de infravaloración.
- Crear un clima de confianza aceptando as suxestións do alumnado.
- Rexeitar as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- Establecer normas claras de funcionamento na aula en coordinación coas do Centro cunha formulación positiva.
- Fomentar a participación en tarefas e responsabilidades do centro.
- Crear a figura do alumno/a axudante para os estudantes novos que entren no Centro.
- Establecer a figura dun alumno/a mediador dentro da aula que colabore co titor/a na resolución de incidencias ou conflitos.

AS NORMAS DE AULA DEBEN SER CONSENSUADAS ENTRE O TITOR, O PROFESORADO E O ALUMNAD. Ao TITOR correspóndelle a labor de coordinación das normas de aula.

Deberase ter en conta os seguintes criterios para a elaboración de estas normas:

- Deben ser claras e concretas, para que resulte fácil determinar se se cumpren ou non.
- Enunciadas, preferiblemente, en positivo: mellor expresar un comportamento correcto que unha prohibición.
- Que resulten realistas e fáciles de cumprir.
- Que sexan xustas e comprensibles; que se entenda o seu sentido, a súa razón de ser.
- Non excesivas en número.
- Non poden ir contra as normas establecidas no centro nin contra outras de rango superior.
- Deben elaborarse nas primeiras clases de cada curso académico.
- Cada norma deberá conter unha medida correctora no caso de incumprirse. Esta debe estar relacionada coa norma que non se cumpre.
- Resulta imprescindible que todo o profesorado as cumpra.
- Tamén se deben incluír normas para o profesorado.

1. As normas para o alumnado deben referirse polo menos aos seguintes aspectos:

- Compromiso na asistencia, puntualidade e corrección na aula.
- Compromiso para traer á clase todos os materiais escolares que se precisen (libros, cadernos, bolis... e outros).
- Compromiso para realizar puntualmente as tarefas que encomenda o profesorado.
- Compromiso para a escoita activa: atención, silencio e petición para intervir.
- Compromiso para respectar a todas as persoas da aula, sen interrompelas nin molestalas.
- Compromiso para respectar todo o material da aula, individual e colectivo.
- Compromiso para deixar a aula ordenada e limpa antes de abandonala, contemplando sempre o aforro de enerxía.

2. As normas para o profesorado deben referirse aos seguintes aspectos:

- Compromiso de puntualidade.

- Compromiso de respectar a todas as persoas da aula.
- Compromiso para explicar os contidos de maneira clara e razoada.
- Compromiso para realizar as adaptacións conceptuais e/ou procedimentais que sexan necesarias para atender á diversidade na aula .
- Compromiso de diálogo coas persoas da aula.
- Compromiso de ser xusto nas apreciacións e cualificacións.
- Compromiso de cumprir as normas acordadas e de facelas cumprir de maneira xusta e imparcial.
- Compromiso de aceptación de reclamación polo alumnado ante a dirección ante o propio incumplimento das normas por parte do profesorado.

5. PLAN DE ACTUACIÓN

5.1 Obxectivos

De organización:

- Mellorar a organización e a efectividade da aplicación das normas de convivencia
- Favorecer o clima de confianza e colaboración necesario para un mellor desenvolvemento das actividades de ensinanza-aprendizaxe
- Intensificar a *Acción Titorial*

De intervención :

- Contar cunha ferramenta solvente na resolución dos conflitos que poidan xurdir
- A resolución de conflitos de aula con *alumnos mediadores*
- Creación da *aula de convivencia*

De prevención:

- Mellorar o clima do centro
- Integración da convivencia no currículo
- Optimizar o estilo docente
- Superación de hábitos sociais discriminatorios
- Detectar casos de acoso e abuso

- Disminuir o absentismo

De autoformación:

- Formación en mediación e noutras técnicas de resolución de conflitos

5.2 Accións: centro, alumnado, profesorado, familias

Obxectivos específicos.

- **Para o centro**

1. Implicar a toda a comunidade educativa no coidado do entorno escolar.
2. Consensuar e asimilar as normas reforzando o seu cumprimento.
3. Respetar as diferenzas (raza, sexo, sociais, relixiosas,...) e fomentar o diálogo e o acordo na resolución construtiva de conflitos.
4. Potenciar, desde a acción tutorial, todas aquelas actividades que favorezan a sensibilización da comunidade educativa en valores como respecto mutuo, orde e solidariedade.

- **Para o alumnado**

1. Promover a implicación do alumnado na definición dun Protocolo Xeral de Convivencia no centro, consensuando e asimilando as normas.
2. Sensibilizar ao alumnado sobre o seu papel activo e implicación no recoñecemento, prevención e control dos conflitos de convivencia no centro.
3. Dotar ao alumnado de competencias que lle axuden ao seu desenvolvemento persoal e social.
4. Integrar ao alumnado no seu grupo e na comunidade educativa.

- **Para o profesorado**

1. Mellorar o clima de convivencia fomentando actitudes, valores e prácticas que permitan avanzar no respecto, contando coa colaboración dos propios compañeiros, familias e alumnado.
2. Promover a implicación do profesorado na adaptación e posta en marcha dun Protocolo Xeral de Convivencia no centro.
3. Coordinarse entre o profesorado dos distintos grupos de xeito que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa o produto e a consecuencia dunha interdisciplinidade.
4. Dotar ao profesorado de recursos prácticos para a resolución de conflitos no centro.

- **Para as familias**

1. Apoiar na difusión dos valores educativos fomentados desde o centro.
2. Dotar ás familias de recursos para detectar a implicación dos seus fillos en conflitos no centro escolar e dar pautas de actuación, sensibilizándose

ao mesmo tempo sobre a importancia da prevención de condutas violentas.

3. Manter relacións de colaboración coas familias e con entidades do entorno para potenciar o desenvolvemento cultural/educativo da comunidade.
4. Promover unhas relacións fluídas de diálogo e entendemento mutuo entre as familias e o centro.

5.3 Análise das medidas que se toman no centro para a mellora da convivencia.

Actualmente son moitas, variadas e afectan a todos os sectores da comunidade educativa, é preciso sinalar a conveniencia de regular o funcionamento de moitas delas e determinar procesos que permitan a inserción das mesmas na vida do IES de forma consensuada e compartida. (Protocolos)

De forma esquemática e nunha análise non exhaustiva quedaría reflectida a continuación:

Medidas preventivas:

- Actividades titoriales individuais e grupales.
- Actividades de acollida a novos alumnos.
- Actividades de axeitada xestión da aula.
- Adaptación do currículo.
- Relacións coas familias (reunións informativas, entrevistas)
- Medidas organizativas (gardas, vixilancias)
- Actuacións do E. Directivo.
- Actuacións do D.Or.
- Coordinación con servizos externos.
- Apoio á función tutorial de alumnos.

Medidas enfocadas á detección de conflitos:

- Xestión e traspaso de información.
- Actividades titoriales.
- Seguimentos.

- Reunións titores de nivel /D.O./X.E.
- Reunións equipos educativos.
- Entrevistas cos pais.
- Entrevistas cos alumnos.

Medidas enfocadas á regulación:

- Notificación familias.
- Sistema de medidas correctoras e sancións.

Medidas enfocadas a la resolución:

- Seguimentos.
- Actividades titoriales grupales e individuais.
- Intervención E. directivo.
- Intervención D.O.

6. PROTOCOLOS PARA PREVENCIÓN E XESTIÓN DE CONFLICTOS

6.1 Malos tratos entre iguais e acoso escolar.

PROTOCOLO 1: ACTUACIÓN EN CASO DE MALOS TRATOS ENTRE IGUAIS

(Juan Carlos Torrego, Isabel Fernández)

En caso de determinarse que existe claramente un proceso de victimización por abuso de poder débese rexistrar por escrito cada paso que se efectúe para así manter a documentación necesaria en caso de ser requirida pola administración ou outras instancias.

Os pasos a seguir serían:

1. Comunicación inmediata da situación ao equipo directivo e o departamento de orientación

Todo membro da Comunidade Educativa que sospeite ou recoñeza que existe un caso de malos tratos entre iguais deberá polo en coñecemento do equipo directivo e o departamento de orientación inmediatamente para a súa discusión e toma de decisións.

Nesta primeira fase hai que ser cauto sobre a información que se debe e pode dar sobre os feitos ao conxunto do profesorado, alumnos, etc. En moitos casos haberá que actuar con moito tacto e reserva para non provocar máis dano nin alimentar versións falsas; os rumores por terceiros poden ter un efecto devastador para a vítima e poden dificultar a resolución da situación.

2. Identificación da situación

Farase una reunión do Equipo Directivo, orientadora e titor/a para analizar a posible intervención. Un primeiro nivel de actuación consiste en determinar se realmente trátase dun caso de malos tratos ou non. Tamén haberá que verificar se os incidentes son reais ou non, ás veces o medo aos posibles danos que poida recibir a vítima, e non tanto os feitos en si, son a causa da angustia. Nestes casos é necesario valorar o nivel real de intimidación que está a suceder.

Hai dous factores moi importantes a contemplar: A intensidade do dano, que non sempre vai asociada ás condutas agresivas visibles, e o compoñente psicolóxico que se refire á percepción da vítima. Por tanto hai que valorar "o que está a ocorrer" e "como o vive a vítima". Finalmente haberá que pescudar desde cando ocorren os incidentes pois a maior tempo maior dano.

3. Primeiras medidas no centro educativo

Unha vez determinado o grao de intensidade débense prover de medidas contundentes de emerxencia establecendo un plan específico en relación con cada medida que se adopte cos seguintes adores:

- a) A vítima (medidas para protexer e educar ás vítimas)
- b) Os agresores (medidas para reeducar/castigar aos agresores)
- c) Os observadores que o apoian ou rexeitan (medidas para intervir cos alumnos que teñen coñecemento da situación)

É importante asegurar como prioridade urxente a protección da vítima e a especial vixilancia de espazos de encontro (entradas, saídas, cambios de clase, recreos, etc.) como responsabilidade conxunta de todo o persoal do centro, co fin de evitar represalias.

4. Comunicación ás familias e á inspección

Deberase contactar coas familias da vítima e os agresores para o traballo conxunto e primeiras medidas cautelares. As entrevistas coas familias tamén nos servirán para completar a nosa información no que se refire ao contexto social. Se é posible, pode ser oportuno orientar ás familias dos afectados e informar a Inspección Educativa.

5. Desenvolvemento do Plan de intervención, seguimento e avaliación.

Seguimento da situación e sobre os feitos que haxan ou estean a ocorrer e planificar unha intervención a curto e longo prazo.

Nunha segunda fase haberá de seguir recollendo información desde os pais, os alumnos directamente involucrados, os compañeiros e outras testemuñas. Esta indagación ha de servir para matizar a situación e proporcionar claves que sirvan para a intervención a longo prazo que se ha de planificar para:

a) Cesamento total das agresións

b) Restablézase un respecto á vítima por parte do conxunto do alumnado. (a miúdo convértese no alumno máis impopular entre os compañeiros)

c) Discútanse e debatan os valores de tolerancia, solidariedade e respecto.

d) Establézase un clima de clase conducente á convivencia, baseado na potenciación de interaccións positivas entre todos o membro.

Nesta fase deberanse realizar intervencións cara aos diferentes axentes dos malos tratos ademais de propostas nos grupos aula para mellorar as relacións interpersoais e instaurar un clima moral de apoio e respecto entre eles.

6. Comunicación ao conxunto de profesores.

Neste momento o plan que se quere levar a cabo probablemente involucre a outros profesores máis aló do titor, orientador e equipo directivo. É imprescindible a sensibilidade por parte do conxunto de profesores que van ter contacto tanto cos agresores como coa vítima. De pouco vale avergoñar ao agresor publicamente e a destempo se como consecuencia destes feitos a vítima non mellora a súa situación. Deberanse trazar acordos na forma de abordar o tema entre o conxunto do profesorado directamente involucrados cos protagonistas. É evidente que é imprescindible protexer ao débil e manterse alerta cara a pequenos signos de intimidación tales como: risas cando fala a vítima, miradas ameazantes, collejas, danos de material, empuxóns e agresións físicas leves, etc., estes son signos de que aínda non cesou o acoso ao compañeiro ou compañeira.

Unha vez desenvolvidas as accións correspondentes dentro do Plan haberá que valorar se han grande efecto e se cesou a intimidación. Se se observa que este foi o caso,

non se deberá dar por pechado, pois a miúdo pode haber rebrotes dos incidentes, pero nun contexto de apoio a diferenza dos primeiros momentos.

En caso que se persista cos incidentes intimidatorios, isto adoita ir asociado a unha complexidade do caso, no que a participación dos pais, doutros compañeiros e nalgunhas ocasións de agresores indeterminados que mandan mensaxes ocultas, rumores persistentes producen un incremento no dano e o padecimento do alumno instigado. Nese caso requirirase dunha derivación a outras instancias.

7. Comunicación de novo coas familias

Unha vez determinada a intervención precisa é importante informar novamente ás familias implicadas para o seu consentimento e complicidade. Neste momento, cando xa transcorresen unha serie de días desde o primeiro coñecemento dos feitos, os incidentes evolucionarían cara a un rápido cesamento, ou pola contra, cara á súa complicación e repetición de incidentes intimidatorios. É moi importante valorar a marcha da intervención e, se non cesa, realizar os primeiros contactos con profesionais, entidades que poden colaborar. (Servizos sociais do concello, asociacións de apoio, etc...)

8. Derivación

É aconsellable comunicar a Inspección un caso de malos tratos, aínda que o centro senta que actuou con prontitude, sensibilidade e de forma adecuada e axustada á necesidade. Algúns casos son tan complexos e difíciles que non sempre poden ter unha finalización satisfactoria. Polo en coñecemento da administración supón que se require que outras instancias participen na solución do problema e nalgún caso pode ser tamén unha demanda de tipo legal.

Os centros sempre deberán recoller por escrito un seguimento do caso para posible presentación ante outras instancias se fose así requirido

CUESTIONARIO SOBRE INTIMIDACIÓN E MALTRATO ENTRE IGUAIS

Ortega, R., Mora-Merchán, J.A. e Mora, J.

O cuestionario que tes pretende axudarvos a coñecer como son as relacións que se establecen entre o alumnado da túa idade. Coa información que ti e outros compañeiros/as nos proporcionedes, poderemos identificar algúns problemas que ás veces xorden entre vós. A información que nos dades, especialmente se é sincera, é de grande importancia para intentar buscar solucións axeitadas, porque só ti sabes como te sentes ante determinadas situacións.

Nome do centro:.....

Localidade:.....Idade:.....Sexo:mozo/moza

Curso:.....Grupo:.....Data:.....



CUESTIONARIO SOBRE INTIMIDACIÓN E MALTRATO ENTRE IGUAIS

INSTRUCCIÓN PARA RESPONDER A ENQUISA

1. Non poñas o teu nome, só enche os datos que se che piden.
2. Le as preguntas detidamente. Revisa todas as opcións e elixe a resposta que prefiras.
3. Escolle só unha resposta, rodeando cun círculo a letra que ten a opción ao seu lado.
ATENCIÓN: hai preguntas onde debes responder seleccionando máis de unha opción e outras onde podes elixir todas as respostas que queiras. Námolos dous casos, indícaseche na mesma pregunta.
4. Nalgunhas cuestións aparece unha opción que pon “outros”. Nestes casos, só debes escoller “outros” se o que ti responderías non se atopa dentro das outras opcións. Ademais, se elixes “outros”, debes escribir a túa resposta sobra a liña de puntos.
5. Cada vez que remates de contestar unha folla da enquisa, pasa á seguinte.
6. Para contestar, utiliza un lapis. Se te equivocas ao responder, corrixe borrando, non tachando.
7. Máis abaixo, hai uns debuxos que representa dúas das situacións de intimidación que se poden dar no teu centro. Hai intimidación cando algún mozo/a colle por costume meter medo ou abusar dos seus compañeiros/as. Estas situacións crean rabia e medo por non poder defenderse. Cando no cuestionario falamos de intimidación, referímonos a estas situacións.
8. Se se che presenta algunha dúbida ao contestar a enquisa, levanta a man e pregunta.



CUESTIONARIO SOBRE INTIMIDACIÓN E MALTRATO ENTRE IGUAIS

1. ¿Con quen vives?
 - a. Con meu pai e miña nai.
 - b. Só cun deles.
 - c. Con outros familiares.
 - d. Outros.....

2. ¿Cantos irmáns tes? (sen contarte ti)
 - a. Ningún.
 - b. 1
 - c. 2
 - d. 3 ou máis.

3. ¿Como te atopas na casa?
 - a. Ben
 - b. Nin ben nin mal.
 - c. Mal

4. Sinala cal destas situacións suceden na túa casa (podes escoller máis dunha resposta):
 - a. Discusións.
 - b. Excursións, festas.
 - c. Pelexas (algúns péganse)
 - d. Outras.....

5. ¿Como te levas coa maioría dos teus compañeiros e compañeiras?
 - a. Ben
 - b. Nin ben nin mal.
 - c. Mal

6. ¿Cantos bos amigos (amigos e amigas de verdade) tes no teu instituto?
 - a. Ningún.
 - b. 1
 - c. Entre 2 e 5
 - d. 6 ou máis.

7. ¿Cantas veces te sentiches só/soa no recreo porque os teus amigos/as non querían estar contigo?
 - a. Nunca
 - b. Poucas veces
 - c. Moitas veces.

8. ¿Como te tratan os teus profesores/as?
 - a. Ben
 - b. Nin ben nin mal.
 - c. Mal

9. ¿Como che vai no instituto?
 - a. Ben
 - b. Nin ben nin mal
 - c. Mal

CUESTIONARIO SOBRE INTIMIDACIÓN E MALTRATO ENTRE IGUAIS

10. ¿Cantas veces te intimidaron ou maltrataron algúns dos teus compañeiros ou compañeiras?
- Nunca
 - Poucas veces
 - Moitas veces.
11. Se os teus compañeiros/as te intimidaron nalgunha ocasión, ¿desde cando se producen estas situacións?
- Ninguén me intimidou nunca.
 - Desde hai unha semana
 - Desde hai un mes.
 - Desde principios de curso.
 - Desde sempre.
12. ¿Hai alguén máis que te intimide con frecuencia?
- Non
 - Si (se queres, podes dicir quen son).....
13. Se te intimidaron nalgunha ocasión, ¿por que cres que o fixeron? (podes escoller máis de uha resposta)
- Ninguén me intimidou nunca.
 - Non o sei.
 - Porque os provoqueei.
 - Porque son diferente a eles.
 - Porque son máis débil.
 - Por molestarme.
 - Por gastarme unha broma.
 - Outros.....
14. ¿En que clase están os rapaces e rapazas que acostuman intimidar aos seus compañeiros/as? (podes escoller máis dunha resposta)
- Non o sei.
 - Na mesma clase.
 - No mesmo curso, pero noutra clase.
 - Nun curso superior.
 - Nun curso inferior
15. ¿Quen son os que intimidan ás veces aos seus compañeiros/as?
- Non o sei.
 - Un mozo
 - Un grupo de mozos.
 - Unha moza.
 - Un grupo de mozas.
 - Un grupo de mozos e mozas.

CUESTIONARIO SOBRE INTIMIDACIÓN E MALTRATO ENTRE IGUAIS

16. ¿En que lugares acostuman a producirse estas situacións de intimidación ou maltrato? (podes escoller máis de unha resposta)
- a. Non o sei
 - b. Na clase
 - c. No patio
 - d. Na rúa
 - e. Outros.....
17. ¿Quen soe parar as situacións de intimidación?
- a. Non o sei
 - b. Ninguén
 - c. Algún profesor/a
 - d. Algún compañeiro/a
18. Se alguén te intimida, ¿falas con alguén do que che sucede? (podes escoller máis de unha resposta).
- a. Ninguén me intimida
 - b. Non falo con ninguén.
 - c. Cos profesores/as
 - d. Coa miña familia.
 - e. Cos compañeiros/as.
19. ¿Serías capaz de intimidar a algún dos teus compañeiros nalgunha ocasión?
- a. Nunca,
 - b. Non o sei.
 - c. Si, se me provocan.
 - d. Si, se os meus amigos o fan.
 - e. Outras razóns.....
20. Se intimidaches a algúns dos teus compañeiros, ¿díxoche alguén algo ao respecto? (podes elixir máis de unha resposta)
- a. Non intimidei a ninguén.
 - b. Ninguén me dixo nada.
 - c. Si, aos meus profesores/as pareceulles mal
 - d. Si, á miña familia pareceulle mal.
 - e. Si, aos meus compañeiros/as pareceulles mal.
 - f. Si, os meus profesores/as dixéronme que estaba ben.
 - g. Si, a miña familia díxome que estaba ben.
 - h. Si, os meus compañeiros dixéronme que estaba ben.

CUESTIONARIO SOBRE INTIMIDACIÓN E MALTRATO ENTRE IGUAIS

21. Se participaches en situacións de intimidación cara os teus compañeiros/as, ¿por que o fixeches? (podes escoller máis de unha resposta)
- Non intimidei a ninguén.
 - Non o sei.
 - Porque me provocaron.
 - Porque son distintos en algo (xitanos, paios, doutros sitios)
 - Porque eran máis débiles.
 - Por molestar
 - Por gastar unha broma.
 - Outros.....
22. ¿Cales son, segundo ti, as dúas formas máis frecuentes de intimidación ou maltrato entre compañeiros/as?
- Non o sei.
 - Poñer alcumes ou deixar en ridículo.
 - Facer dano físico (pegar, dar patadas, empurrar).
 - Roubo
 - Ameazas.
 - Rexeitamento, aillamento, non xuntarse.
 - Outros.....
23. ¿Con que frecuencia se dan intimidacións no teu centro?
- Nunca
 - Poucas veces
 - Moitas veces
24. ¿Cantas veces participaches en intimidacións aos teus compañeiros/as?
- Nunca
 - Poucas veces
 - Moitas veces
25. ¿Que pensas dos rapaces e rapazas que intimidan aos seus compañeiros/as?
- Nada, paso do tema.
 - Paréceme mal.
 - É normal que pase entre compañeiros/as.
 - Fan ben, terán os seus motivos.
26. ¿Por que cres que algúns mozos/as intimidan a outros? (podes escoller máis de unha resposta)
- Non o sei.
 - Porque se meten con eles.
 - Porque son máis fortes.
 - Por gastar unha broma.
 - Outras razóns.....

CUESTIONARIO SOBRE INTIMIDACIÓN E MALTRATO ENTRE IGUAIS

27. ¿Que adoitas facer cando un compañeiro/a intimida a outro?

- a. Nada, paso do tema
- b. Nada, aínda que creo que debería facer algo.
- c. Aviso a alguén que poida parar a situación.
- d. Intento cortar a situación persoalmente.

28. ¿Cres que habería que solucionar este problema?

- a. Non o sei.
- b. Non.
- c. Si.
- d. Non se pode solucionar.

29. ¿Que tería que suceder para que se solucionase?

- a. Non se pode arranxar.
- b. Non sei.
- c. Que se faga algo (explica brevemente que):

O profesorado.....

.....

As familias.....

.....

Os compañeiros/as.....

.....

30. Se tes algo que engadir sobre o tema sobre o que che preguntamos, podes escribilo a continuación. Se queres escribir o teu nome, este é o momento de facelo.

.....

.....

.....

.....

Esquema: Plan de prevención e intervención ante os malos tratos entre iguais e o acoso escolar.

O plan terá os seguintes apartados:

1. Introducción.

Definición do tema e xustificación do plan en base á realidade do centro

2. Obxectivos.

- Prevención Primaria (antes do acoso)
- Prevención secundaria (cando xa existe o acoso)

3. Actividades e estrutura organizativa para o seu desenvolvemento.

- Actividades e estrutura para mellorar as relacións na aula.
- Actividades para sensibilizar á comunidade educativa sobre os malos tratos e fomentar a súa participación na prevención dos malos tratos.
- Actividades para reeducar ás vítimas.
- Actividades para reeducar aos agresores.
- Actividades para orientar ás familias dos implicados.

4. Protocolo de actuación.

5. Avaliación.

- Recollida de todas as conclusións e o material elaborado no modulo.
- Redacción dun documento final que teña por índice os apartados anteriores

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ó final de cada curso escolar elaborárase unha memoria do plan de convivencia, que se incorporará á memoria final de curso, e que conterá os seguintes aspectos:

- Grao de implantación e nivel de consecución dos obxectivos propostos
- Actuacións realizadas e grao de participación dos distintos sectores da comunidade educativa
- Formación e asesoramento recibidos nesta materia pola comunidade educativa e recursos utilizados.
- Valoración dos resultados, conclusións e propostas de continuidade e de mellora para cursos sucesivos
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.

A revisión debe pór énfase nas manifestacións e evidencias dos problemas, isto é, onde, cando e con que frecuencia ocorren, quen son os grupos e persoas habitualmente implicadas, en que casos prodúcese unha resposta dalgún tipo por parte de profesorado e con que efectos, ou cal é o papel das familias. Trátase, en definitiva, de centrar a revisión en feitos concretos, de modo que se eviten generalizacións improcedentes ou explicacións apresuradas acerca dos problemas e non pode deixar de reflectir todas as achegas que xurdan como resultado de formulacións para a mellora da convivencia.